

## OFICINA DE MEDIO AMBIENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### **ASUNTO: Directrices básicas para os traballos coas terras procedentes das obras.**

1.- EXTRACCIÓN: O material extraído deberá **separarse** en tres clases de calidade evitando a súa compactación (por paso continuado de maquinaria pesada):

- a) Terra mineral con pedras ou rochas.
- b) Terra mineral solta (material similar o anterior sen pedras nin rochas).
- c) Terra orgánica ou vexetal.

2.- AMOREAMENTO: Enténdese que tódolos amoreamentos son **provisionais**. O amoreamento nada mais se producirá cando non sexa posible depositar as terras no seu novo e definitivo emprazamento inmediatamente despois de ser extraídas.

- Delimitación da parcela onde se van amorear as terras con cinta plástica identificativa da empresa responsable.
- As tres clases de terra serán amoreadas por **separado** en montes de altura inferior ós 3 metros.

3.- DEPÓSITO: O que se pretende é estender as capas do solo sobre o terreo, por orde crecente de calidades, para obter un perfil similar ó orixinal. O estendido de cada capa debe efectuarse de xeito que se consiga un espesor uniforme e seguindo sempre a dirección marcada polas curvas de nivel.

- Delimitación da parcela de traballo con cinta plástica identificativa da empresa responsable.
- Protección ou transplante das árbores presentes na parcela de traballo.
- Extracción e reserva da capa de terra vexetal da parcela de traballo.
- Depósito da capa inferior de terra mineral con pedras ou rochas.
- Depósito da capa intermedia de terra mineral solta.
- Depósito da capa superior de terra orgánica (vexetal). Para proporcionar un bo contacto coa capa inferior, deberá botarse primeiro unha capa de 20-25 cm e despois pasarlle unha fresadora. Posteriormente procederase o cubrimento final co resto da terra. En calquera caso, é importante evitar que a terra vexetal quede compactada.

4.- SEMENTEIRA: No caso de que estea contemplada unha sementeira con especies herbáceas, esta deberá facerse **inmediatamente** despois do depósito da última capa de terra vexetal.

**E imprescindible ter moi en conta a pendente das parcelas** onde se vai traballar, para evitar riscos de deslizamentos. Así mesmo deberanse tomar medidas de protección (construción de cabañóns para delimita-los cursos de auga) e consolidación da rede de drenaxe das parcelas.

⇒ Para calquera dúbida ou consulta sírvanse poñerse en contacto coa Oficina de Medio Ambiente (OMA) (986 814041; [oma3@uvigo.es](mailto:oma3@uvigo.es); Edificio CACTI)